

### Texto 1

Aquí vén o maio  
de frores cuberto...  
puxéronse á porta  
cantándome os nenos;  
i os puchos furados  
pra min estendendo,  
pedíronme crocas  
dos meus castiñeiros.

Pasai, rapaciños,  
calados e quedos;  
que o que é polo de hoxe  
que darvos non teño.  
Eu sónvo-lo probe  
do pobo gallego:  
pra min non hai maio,  
¡pra min sempre é inverno!...

Cando eu me atopare  
de donos liberto  
i o pan non me quiten  
trabucos e préstemos,  
e como os do abade  
frezan meus eidos,  
chegado habrá entonces  
o maio que eu quero.

¿Queredes castañas  
dos meus castiñeiros?...  
Cantádeme un maio  
sin bruxas nin demos:  
un maio sin segas,  
usuras nin preitos,  
sin quintas, nin portas,  
nin foros, nin cregos.

### Texto 2

¡Qué triste está a aldea,  
qué triste e qué sola!  
¡A terra sen frutos, a feira sin xente,  
sin brazos o campo,  
sin nenos a escola,  
sin sol o hourizonte, sin fror a semente!

A pedra e as nubes  
a sembra arrasando,  
Agoiran un ano de fame sombría;  
sin pan os labregos  
nin herba pro gando,  
¿qué vai s ser deles na crúa invernía?

Manadas famentas  
de lobos montesos  
baixaron das chouzas na noite calada,  
e postos en ringla,  
cos ollos acesos  
acenan dos probes prá porta pechada ...

Mociños honrados  
de sangue bravía,  
si ó mal dos petrucios non fordes alleos,  
liberádeos da morte,  
¡facei montería  
nos lobos da terra, nos lobos dos ceos!

*Na chegada a Ourense da primeira locomotora ("Aires da miña terra", 1880)*

**Texto 3**

Velaí ven, velaí vén avanzando  
cómaros e corgas, e vales, e cerros.  
¡Vinde vela, mociños e mozas!  
¡Saludaina, rapaces e vellos!

Por onde ela pasa  
fecunda os terreos,  
espértanse os homes,  
frolecen os eidos.

Velaí ven, velaí vén tan houpada,  
tan milagrosiña, con paso tan meigo,  
que parece unha Nosa Señora,  
unha Nosa Señora de ferro.

Tras dela non veñen  
abades nin cregos;  
mais vén a fartura  
¡i a luz i o progreso!

Catedral, demagogo de pedra,  
dun pobo fanático erguida no medio,  
repinica esas chocas campanas  
en sinal de alegría e contento.

Asocia esas voces  
ó són dos pandeiros,  
¡ás santas surrisas  
de terras e ceos!

E ti, río dos grandes destinos,  
que os himnos ensaias dos trunfos ibéricos,  
requeimadas as fauces de sede  
vén o monstro a beber no teu seo.

Bon samaritano,  
dálle auga ao sedento;  
que a máquina é o Cristo  
dos tempos modernos.